



**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE
REFORZO NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO
DO GRAO DE DISCAPACIDADE**

Santiago de Compostela, 12 de Xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).



Doutra parte:

Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita Consellería, actuando en nome e representación deste último, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, nos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).



Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas



EXPOÑEN:

I.- Que as persoas con discapacidade constitúen un sector de poboación heteroxéneo, pero todos e todas teñen en común a necesidade de apoios suplementarios para vivir con plenitude e participar en igualdade de condicións na vida económica, social e cultural do país, de conformidade coas previsións contidas no Texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de decembro (BOE nº 289, do 3 de decembro 2013).

II.- Que o recoñecemento do grao de discapacidade é o procedemento que permite a acreditación legal da condición de persoa con discapacidade. A través deste procedemento, as seccións de cualificación e valoración da discapacidade, dependentes organicamente dos Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social (de acordo co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social – DOG nº232, do 4 de decembro) valoran á persoa solicitante e resollen a solicitude, expedindo no seu caso a documentación acreditativa do grao de discapacidade recoñecido, que da dereito ao acceso aos recursos, servizos, prestacións e beneficios dispoñibles para este grupo de poboación nos distintos ámbitos (fiscal, educativo, mobilidade, laboral, etc).

III.- Que as seccións de cualificación e valoración da discapacidade son as unidades administrativas especializadas de atención básica ás persoas con discapacidade, sendo as unidades de referencia a nivel provincial para as persoas con discapacidade, familiares, asociacións, etc. Están dotadas de persoal administrativo e de persoal técnico especializado na valoración da discapacidade, formado por médicos, psicólogos e traballadores sociais. Este persoal técnico é o que constitúe os equipos de valoración propiamente ditos que, conforme ao disposto no artigo 8.1 do Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade (BOE nº 22, do 26 de xaneiro de 2000) están constituídos por un médico ou médica, un psicólogo ou psicóloga e un traballador ou traballadora social.

As referidas seccións, ademais da tramitación do procedemento de recoñecemento da situación de discapacidade (que constitúe a súa principal finalidade), prestan servizos



de información e asesoramento, orientación sobre os diversos beneficios sociais aos que poden acceder as persoas con discapacidade, realizan informes a demanda sobre apoios persoais, educativos, laborais, de accesibilidade, adecuación e adaptación do posto de traballo e adaptación de medios en probas selectivas.

Na Comunidade Autónoma Galega existen 7 seccións de cualificación con varios equipos de valoración en cada un deles nas seguintes localidades: A Coruña: 4; Ferrol: 2, Santiago: 2, Lugo: 2, Ourense: 3, Pontevedra: 3 e Vigo: 3.

IV.- Que os equipos de valoración e orientación (en adiante EVOs) son os órganos encargados de valorar e cualificar as situacións de discapacidade para o seu recoñecemento oficial polo órgano administrativo. Os EVOs son equipos multiprofesionais formados cada un deles por un médico, un psicólogo e un traballador social que entre outras funcións realizan un recoñecemento completo á persoa no que se inclúen os factores médicos, psicolóxicos e sociais que sumados reflectirán a porcentaxe final do grao de discapacidade, en aplicación do baremo recollido nos anexos I e II do Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro.

V.- Que na Comunidade Autónoma Galega constátase unha situación de excesiva demora na tramitación e resolución dos expedientes de valoración, debido ao progresivo incremento no número de solicitudes, entre outras razóns debido a:

- Os cambios demográficos e sociais, sobre todo o progresivo incremento na taxa de envellecemento da poboación.
- Ao progresivo incremento no números de beneficios que xorden nos distintos ámbitos socio económicos dirixidos ás persoas con discapacidade.

Por outra banda as características e a complexidade do procedemento de valoración implica unha inversión de tempo por parte dos EVOs acorde coa dita complexidade, que impide atender diariamente máis solicitudes que as que se están a tramitar na actualidade, motivado polo tempo que é preciso para recoñecer individualmente a cada persoa e aplicarlle o baremo de valoración.

A falta da equiparación entre a área xeográfica e poboacional a atender en relación aos efectivos que prestan a atención é outro dos factores que determinan o desequilibrio entre o prazo de resolución que marca a norma e a realidade funcional na resolución das valoracións de discapacidade. En relación co procedemento de



recoñecemento do grao de discapacidade (BS611A), actualmente existen 11.040 expedientes pendentes de recoñecemento para a determinación do seu grao de discapacidade.

VI.- Que dende a Consellería de Política Social estanse implementando accións de mellora e reforzo para superar definitivamente esta situación (actuacións tecnolóxicas, reforzo a través de acumulacións de tarefas, medidas de implementación de instrumentos de calidade, plantexamento de modificación da RPT, etc.). Así, entre outras medidas destacadas, o 11 de decembro de 2015 publícase no DOG a orde do 25 de novembro de 2015, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, co obxecto entre outros, como se reflexa na súa exposición de motivos, de garantir a máxima axilidade e eficacia nos procedementos de recoñecemento do grao de discapacidade e a coordinación efectiva das unidades dependentes da Xunta de Galicia.

No artigo 4 desta orde establécense como funcións do persoal técnico de valoración da discapacidade, entre outras, a de realizar o recoñecemento das persoas solicitantes da valoración da discapacidade, e no artigo 7 en relación co órgano de valoración e asesoramento da discapacidade, a da realización dos ditames técnico-facultativos para a cualificación do grao de discapacidade. Asemade no seu artigo 19.6 dispónse que o órgano superior con competencias en materia de discapacidade establecerá o procedemento polo que, con base nas circunstancias especiais da persoa interesada, o órgano técnico de valoración poida formular o seu ditame en virtude dos informes médicos, psicolóxicos ou, se é o caso, sociais, emitidos por persoal profesional autorizado, sen recoñecemento directo do persoal técnico de valoración.

VII.- Que neste senso, e para axilizar a emisión dos ditames oportunos con maior celeridade, considérase procedente establecer fórmulas de colaboración coa Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde de cara a contar co seu persoal cualificado a efectos do recoñecemento das persoas solicitantes da valoración da discapacidade, emitíndose en consecuencia o ditame do órgano técnico de valoración en virtude dos informes médicos emitidos por persoal profesional do Servizo Galego de Saúde.



VIII.- Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade e persoas con dependencia, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social. Concretamente a Secretaría Xeral Técnica, órgano de dirección da Consellería de Política Social, lle corresponden as funcións establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, entre elas coordinar, baixo a dirección da persoa titular da Consellería, os programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á Consellería, actuar como órgano de comunicación coas demais consellerías, dirixir e xestionar os servizos comúns da Consellería e velar pola organización, simplificación e racionalización administrativa, e á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, órgano de dirección da Consellería de Política Social, lle corresponden as funcións de dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

IX.- A Lei de saúde de Galicia sinala que lle corresponden á Consellería de Sanidade as competencias en materia de saúde, atribuídas á Comunidade Autónoma polo Estatuto de autonomía de Galicia. Igualmente asume a dirección do Sistema público de saúde de Galicia, conforme aos principios obxectivos da concepción integral da saúde, na que se inclúe a promoción da saúde, a protección fronte á situación e circunstancias que supoñen un risco para a mesma, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención as necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario. O decreto 41/2013, do 21 de febreiro, establece a súa estrutura orgánica . O Servizo Galego de Saúde creado por Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o axeitado desenvolvemento das súas competencias; A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, no seu artigo 92 o configura como un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade. A súa estrutura orgánica establece a través do Decreto



43/2013 de 21 de febreiro.

X.- Así mesmo, as actuacións obxecto deste acordo, recollidas na súa cláusula primeira adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN:

Subscribir un acordo de colaboración para levar a cabo medidas de axilización do procedemento de recoñecemento do grao de discapacidade a través do persoal médico cualificado e autorizado polo Servizo Galego de Saúde con suxeición ás seguintes

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA. Obxecto-

O obxecto do presente acordo é establecer os termos de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, para o establecemento de medidas de axilización do procedemento de recoñecemento do grao de discapacidade a través de persoal cualificado do Servizo Galego de Saúde.

Para o dito fin estableceranse ademais os requisitos de participación do persoal licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde nos procedementos de valoración e recoñecemento da discapacidade e o proceso de selección para a dita participación e a retribución dos participantes.



SEGUNDA. Obrigas das partes.

1. A Consellería de Política Social asume as seguintes obrigacións:

- a) Aportar o financiamento preciso para a realización do obxecto deste acordo de conformidade co fixado na cláusula quinta do mesmo.
- b) Colaborar co Servizo Galego de Saúde no proceso de selección.
- c) No prazo de 15 días dende a selección do persoal, realizar a formación específica e necesaria dos profesionais.
- d) A formación específica consistirá nun curso semipresencial de 20 horas, cunha duración de 8 horas a través dun módulo de teleformación e de 12 horas de forma presencial divididas en tres xornadas. Os asistentes deberán realizar a formación telemática, asistir ó 100% das horas presenciais e superar unha proba final, que terá lugar ao remate da terceira xornada presencial, para acadar a cualificación de apto. Os cursos serán programados de xeito que non afecten á xornada laboral dos profesionais.
- e) Realizar a xestión das aplicacións informáticas (CENDIS) onde se almacene a documentación derivada da execución do presente acordo, e proceder á habilitación das mesmas para os profesionais seleccionados.
- f) Asignar a cada médico seleccionado a elaboración dos informes que lles correspondan e que non poderán ser nunca superior a 50 informes ó mes
- g) Realizar o tratamento da información precisa e a custodia dos ditames emitidos.
- h) Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e os resultados.
- i) Acreditar e/ou certificar mensualmente o traballo realizado polo persoal cualificado colaborador seleccionado, na data indicada polo Servizo Galego de Saúde para poder facer os pagamentos en tempo e forma. Coa mesma finalidade poñerá a disposición do Servizo Galego de Saúde calquera outra información que precise para este fin.
- j) Participar nas reunións que se celebren para a execución e seguimento do presente acordo, de conformidade co establecido na cláusula décima.

2. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde comprométese a:

- a) Poñer a disposición da execución do acordo os recursos humanos precisos para a realización dos traballos tendentes á consecución do obxecto do presente acordo, e de ser o caso, articular un procedemento selectivo, e o





acceso á formación específica.

- b) Realizar a xestión das aplicacións informáticas (IANUS) que lle permitan ós profesionais seleccionados acceder ós datos sanitarios precisos para realizar os informes, e proceder, no seu caso, á habilitación das mesmas para os profesionais seleccionados.
- c) Realizar a tramitación e xestión do expediente das retribucións específicas que poda xerar o desenvolvemento destas actuacións ao persoal cualificado colaborador previamente seleccionado; así como realizar os pagamentos.
- d) Participar nas reunións que se celebren para a execución e seguimento do presente Acordo, de conformidade co establecido na cláusula décima.

TERCEIRA.- Relación laboral e formación do persoal seleccionado

A participación no procedemento non suporá para o persoal do Servizo Galego de Saúde a alteración do seu réxime xurídico no Servizo Galego de Saúde.

Os profesionais que sexan seleccionados levarán a cabo o recoñecemento das persoas solicitantes da valoración da discapacidade nas dependencias do Servizo Galego de Saúde nas que desempeñe as súas funcións, fora da súa xornada laboral e coas retribucións adicionais que se financian co presente acordo correspondentes aos servizos que se derivan do mesmo.

Unha vez realizado o proceso de selección polo Servizo Galego de Saúde a Consellería de Política Social realizará un curso semipresencial de avaliación da discapacidade. Finalizado o curso a Consellería de Política Social comunicará ao Servizo Galego de Saúde aqueles asistentes que obtiveron a cualificación de aptos para incorporarse a este programa. Os destinatarios deste curso serían os profesionais seleccionados polo Servizo Galego de Saúde, de acordo coa súa orde de prelación. A este curso poderían asistir o número de profesionais que a Consellería de Política Social determinen necesario para acadar os recursos humanos precisos.

O contido do curso será o recollido no anexo I a este acordo.

En caso de ser preciso, poderíanse realizar máis cursos previa proposta da comisión de seguimento.



CUARTA.- Elaboración dos ditames

Os órganos técnicos de valoración da discapacidade (EVOs) formularán o seu ditame en virtude dos informes médicos emitidos por persoal licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde, seleccionado de acordo cos requisitos que se fixan no Anexo II e logo de ter realizado o procedemento que se relaciona no Anexo III.

Para a elaboración dos informes médicos o persoal seleccionado disporá de toda a información precisa nas aplicacións informáticas facilitadas polas consellerías de Política Social e Sanidade e o Servizo Galego de Saúde. Os expedientes informados por estes profesionais non precisarán que as persoas valoradas acudan a consulta, resultando un cribado por parte da Consellería de Política Social para determinar os expedientes susceptibles de valoración mediante a consulta informática dos expedientes. No caso de que con posterioridade, e de forma excepcional, se determine a necesidade de levar a cabo a citación da persoa interesada se realizará no trámite ordinario da tramitación do correspondente expediente por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.

QUINTA.- Orzamento.

O cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste acordo será financiada pola Consellería de Política Social

A Consellería de Política Social transferirá das súas aplicacións orzamentarias á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde a cantidade de trescentos sesenta mil euros (360.000 €). A Consellería de Política Social disporá na aplicación orzamentaria correspondente do programa 312D de cento vinte mil euros (120.000 €) no ano 2017 e douscentos corenta mil euros (240.000 €) no ano 2018.

Con estas cantidades financiarase a realización de 7.500 valoracións no ano 2017 e para o ano 2018 a realización de 15.000 valoracións.

Efectuaranse as sucesivas transferencias que sexan precisas en función do número de valoracións que a Consellería de Política Social considere necesario realizar hasta esgotar o crédito de cada anualidade. En todo caso, a Consellería de Política Social non poderá solicitar a realización de valoracións ós profesionais licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde se previamente non se transferiron os créditos necesarios para o financiamento de ditos traballos.



SEXTA.- Pagamento do persoal

O pagamento do persoal será realizado polo Servizo Galego de Saúde mediante o réxime de retribucións que resulten legalmente aplicables polas actuacións concretas que resultan da emisión dos informes médicos correspondentes.

A acreditación dos traballos realizados será aportada pola Consellería de Política Social a primeira semana de cada mes, mediante a documentación xustificativa que acheguen as xefaturas territoriais da Consellería e os documentos de constancia que se requiran ó efecto.

SÉTIMA.- Vixencia.

O presente acordo estenderá os seus efectos económicos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, as valoracións do persoal licenciado sanitario poderán realizarse hasta o 31 de outubro de 2018.

OITAVA.- Publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016 as partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, estarase ao cumprimento do disposto no artigo 15 da dita Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

NOVENA: Protección de datos

As partes asinantes deste acordo garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento.

Os datos persoais recollidos na tramitación deste acordo, cuxo tratamento e publicación autorice os asinantes deste acordo, serán incluídos nun ficheiro denominado Xestión de Servizos Sociais creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na consellería de Política Social



DÉCIMA.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, constituirase unha comisión mixta de seguimento, que estará integrada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará unha das persoas representantes da Consellería de Política Social, reunirse cando así o solicite algunha das partes.

O dito órgano colexiado rexerese polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia



DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente acordo as seguintes:

1. Incumprimento da finalidade do presente acordo.
2. Mutuo acordo das partes.
3. A denuncia das partes, previo aviso, cunha antelación mínima dun mes.

Sobre os efectos do seu incumprimento se estará ao disposto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEGUNDA.- Modificación do acordo.

As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula décima do presente convenio. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun instrumento que asinarán as partes.

DÉCIMO TERCEIRA.- Réxime xurídico.

O presente acordo terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándose os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse,





segundo o disposto no artigo 4.2 da dita lei e polo disposto nos artigos seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de política social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Santiago de Compostela, a 12 de xullo de 2017

O Conselleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela

O Conselleiro de Sanidade e presidente
do Servizo Galego de Saúde

Jesús Vázquez Almuiña



Anexo I

Programa do curso de formación específico de avaliación da discapacidade a impartir pola Consellería de Política Social

Duración total: 20 h de forma semipresencial

- Formación a través do módulo de Teleformación: mínimo de 8 h de acceso no prazo de dúas semanas

Contido:

- Análise da normativa:
 - o Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade
 - o Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes
- Análise dos Baremos:
 - o Normas para a avaliación das consecuencias da enfermidade, de acordo co modelo proposto pola Clasificación Internacional de Deficiencias, Discapacidades y Minusvalías da O.M.S.
 - o Pautas para a determinación da discapacidade orixinada por deficiencias permanentes dos distintos órganos, aparatos ou sistemas.
 - o Pautas xerais que deben de ser aplicadas na avaliación. Normas para a cualificación de deficiencias e discapacidades de cada un dos aparatos ou sistemas.
- Análise da ferramenta de xestión (CENDIS)
 - o Manual de usuario: Funcionalidades
 - o Manual de usuario: Xestión polo profesional licenciado sanitario

Formación presencial: 3 xornadas (Localidade: a localidade/s onde se desenvolverán as xornadas presenciais serán determinada/s en función da provincia maioritaria dos alumnos e dentro das posibilidades da organización ; horario de tarde (16:00 a 20:00))





- Xornada 1: 4 horas
 - Contido: Análise da ferramenta de xestión (CENDIS); Manual de usuario: Funcionalidades; Manual de usuario: Xestión polo profesional médico avaliador

- Xornada 2: 4 horas
 - Contido: Normas para a avaliación das consecuencias da enfermidade, de acordo co modelo proposto pola Clasificación Internacional de Deficiencias, Discapacidades y Minusvalías da O.M.S.
 - Pautas para a determinación da discapacidade orixinada por deficiencias permanentes dos distintos órganos, aparatos ou sistemas.
 - Supostos prácticos



- Xornada 3: 4 horas
 - Contido: Pautas xerais que deben de ser aplicadas na avaliación. Normas para a cualificación de deficiencias e discapacidades de cada un dos aparatos ou sistemas.
 - Supostos prácticos.

- Avaliación (20:00 a 21:00) : ao remate da xornada 3 levarase a cabo a realización de dous supostos prácticos , que serán obxecto de avaliación de cara á capacitación para o desenvolvemento das tarefas encadradas no marco deste Acordo.





Anexo II

Requisitos do persoal que prestará o apoio

O persoal participante debe ter a condición de persoal licenciado/a sanitario/a do Servizo Galego de Saúde, preferentemente das categorías de médico/a de familia de atención primaria, médico/a de urxencias hospitalarias ou médico/a do traballo e cumprir co requisito de superar un curso de avaliación do dano corporal que teña relación directa coa discapacidade das persoas .





Anexo III

Procedemento de selección de persoal

Para o cumprimento do presente acordo establécese o seguinte procedemento:

Ofertarase a participación voluntaria na actividade derivada do presente acordo, aos profesionais do Servizo Galego de Saúde das categorías de médico/a de familia de atención primaria, médico/a de urxencias hospitalarias e médico/a do traballo.

O Servizo Galego de Saúde enviará á Consellería de Política Social, a relación dos profesionais ordenados de maior a menor antigüidade, interesados en participar na actividade derivada do presente acordo. Será requisito para a participación na actividade derivada do presente acordo, a realización do curso sobre a avaliación da discapacidade. Se o número de facultativos incluído no listado é superior ao número de profesionais necesarios para a realización dos informes, só poderán ser convocados á realización do curso por orde de antigüidade, un número de facultativos con expectativas reais de participación na actividade derivada do presente acordo, tendo en conta o número de informes pendentes de realizar, o número de informes a realizar por cada facultativo e as dispoñibilidades orzamentarias. En ningún caso, a realización do curso poderá afectar a actividade asistencial desenvolvida polos profesionais no Servizo Galego de Saúde. De non resultar apto algún dos profesionais que realizaron o curso, poderase organizar unha nova acción formativa, á que acudirán o número de profesionais necesarios para a substitución dos non aptos.

A Consellería de Política Social, realizará os chamamentos para a realización do curso e a organización dos traballos derivados do presente acordo.

Aos efectos de ordenación dos listados o criterio de desempate que se utilizará, será o de maior número de días de servizos prestados no Servizo Galego de Saúde. No caso de persistir o empate, dirimirase en favor do aspirante con maior idade.



Anexo IV

Compensación pola actividade realizada.

A compensación pola actividade realizada derivada do presente acordo, será retribuída polo Servizo Galego de Saúde mediante o réxime de retribucións que resulten legalmente aplicables polas actuacións concretas que resultan da emisión dos informes médicos correspondentes, previa acreditación dos traballos realizados pola Consellería de Política Social, mediante a documentación xustificativa que acheguen as xefaturas territoriais da Consellería e os documentos de constancia que se requiran ao efecto

Cada profesional licenciado sanitario non poderá supera o límite de 50 valoracións mensuais.

As retribucións que correspondan efectuaranse con cargo ás transferencias de financiamento que efectúe a Consellería de Política Social, que serán a razón de 16 euros por informe que vaia a emitirse.

